

A cada local de hostalaría entregaráselle un colector para a materia orgánica e outro para os envases lixeiros (botellas, plástico, latas, bricks...), que se sumarán ao da fracción resto que xa tedes. A partir da entrega destes novos colectores deberedes separar o lixo nestas fraccións, ademais de continuar coa recollida do cartón pregado e do vidro tal como se está a facer na actualidade.

Para calquera dúbida podedes
contactar co servizo no:

981 565 469

+INFO:


www.santiagosostible.gal



Santiago
Sostible

✓ RECOLLIDA
PORTA A PORTA NO
CASCO HISTÓRICO

UN SANTIAGO MÁIS LIMPO E SOSTIBLE
É RESPONSABILIDADE DE TODOS E TODAS.





PROPOSTA DE HORARIOS DE RECOLLIDA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
20.00 h	ENVASES	ENVASES	ENVASES	ENVASES	ENVASES	ENVASES	ENVASES
20.30 h	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS	CARTÓN COMERCIOS
23.30 h	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA	CARTÓN HOSTALERÍA
23.30 h	RESTO	RESTO	RESTO	RESTO	RESTO	24.00 h	RESTO
	MATERIA ORGÁNICA	MATERIA ORGÁNICA	MATERIA ORGÁNICA	MATERIA ORGÁNICA	MATERIA ORGÁNICA		MATERIA ORGÁNICA



RECOLLIDA PORTA A PORTA NO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Recibes esta información por ser unha empresa situada na améndoa da Cidade Histórica e co fin de contar coa vosa colaboración para conseguirmos que a nosa cidade sexa un referente de sustentabilidade. Acadar este obxectivo é responsabilidade de todos e de todas; por iso, desde o Concello estamos a realizar un importante esforzo na ampliación dos servizos de recollida de lixo e de limpeza viaria do que vos queremos facer partícipes.

Os negocios de hostalaría sodes unha peza moi importante na vida da cidade; atendedes millóns de persoas que nos visitan e que levan por todo o mundo a imaxe e as lembranzas do que viven entre nós. Pedímosvos, xa que logo, que nos acompañedes neste importante reto que temos por diante: conseguirmos que Santiago de Compostela sexa tamén un exemplo de respecto polo medio e de colaboración para deseñar un futuro mellor para as xeracións que veñen.